

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E NOVE DE DECEMBRO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (24/11/2011)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e catro de novembro do ano que andamos, que logo de corrixir no acordo de creación da sede electrónica, onde di “sede.concellodevedra.com” por “sede.vedra.es”, apróbase por unanimidade

2º.- Acordo, se procede, sobre designación de Xuíz de Paz Titular

En función das comunicacións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia relativas ao vencemento do período de mandato do Xuíz de Paz Titular deste concello, de acordo co establecido nos artigos 99 e seguintes da Lei Orgánica 6/1985, do Poder Xudicial, por Resolución da Alcaldía de data tres de novembro acordouse iniciar os trámites para a elección do mesmo para o período de catro anos.

Á vista das solicitudes presentadas no prazo establecido na convocatoria publicada no BOP núm. 214/11 do 10 de novembro, e tendo en conta o currículo e demais circunstancias dos mesmos, proponse:

PRIMEIRO.- Designar como Xuíz de Paz Titular de Vedra a don Arturo Cajaraville Gómez con DNI núm. 33.137.584-N que ata o de agora viña desenvolvendo o citado cargo.

SEGUNDO. Dar traslado do presente acordo á Secretaría do Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para que proceda ao seu nomeamento

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

3º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG sobre da anulación da tarxeta sanitaria ás persoas desempregadas e persoas sen recursos económicos

Dáse conta da moción presentada polo BNG na que se expón que no DOG do 09/09/2011 publicouse unha orde da Consellería de Sanidade que regula o dereito de acceso á asistencia sanitaria para as persoas sen recursos económicos suficientes e para as persoas desempregadas, remitíndolle a citada consellería aos centros de saúde un protocolo de traballo para a posta en marcha da citada orde.

Sinala tamén que segundo o citado protocolo as persoas afectadas só teñen dereito, previo compromiso de pago, á atención de urxencias e emerxencias, é dicir, perden o dereito á sanidade pública universal, quedan sen médico/a de cabeceira, sen probas diagnósticas nin especialidades, non teñen en definitiva asistencia sanitaria completa, e sen asistencia farmacéutica ata que volvan a ter os papeis en regra para volver a estar de alta, xa que teñen a obriga de solicitar unha nova tarxeta de persoas sen recursos, pero a solicitude tarda en aprobarse entre oito e dez meses, polo que durante todo este tempo permanecerán sen asistencia gratuita.

Dado que esta orde está totalmente inxustificada, é inhumana e desoladora, xa que vulnera os dereitos básicos da cidadanía e rompe os principios de universalidade e equidade da sanidade pública, propónse a adopción polo Pleno da Corporación do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a :

Primeiro.- Retirar de xeito inmediato o protocolo que desenvolve a Orde do 5 de setembro de 2011 publicada no DOG do 9 de setembro.

Segundo.- Restituír todos os dereitos das persoas que foron prexudicadas polo mencionado Protocolo reactivando as tarxetas anuladas.

Terceiro.- Evitar que os cambios burocráticos que se deban realizar repercutan no exercicio dos dereitos sanitarios da poboación galega.

O Sr. Pose do BNG expón que Europa Press publicou neste mes unha nova baixo o título de “Sanidad dice que aproximadamente 200.000 parados de larga duración poderían tener bloqueada su tarjeta sanitaria” no que recolle unhas declaracións feitas por don Alfonso Jimenez, Secretario General de Sanidad do actual goberno central, que reconece que nalgunhas comunidades autónomas como Baleares e Galicia se poderían producir estes casos, aparte da ilegalidade manifesta sobre o que se fai cos emigrantes ao esixirlle unha antigüidade de seis meses no padrón de habitantes.

De seguido solicita o voto favorable tendo en conta que os propios membros do PP reconecen que é unha situación ilegal.

Dona Lucía González do PSdeG-PSOE di que esta situación xerou temores en moita xente, sobre todo cando os desempregados se atoparon coa sorpresa de non ter tarxeta sanitaria, considerando que se puido ter arranxado cunha comunicación previa a terminarse esa prestación da seguridade social, e terlle evitado así aos cidadáns esa desagradable sorpresa.

En canto á legalidade da situación fai mención ao ditame do Consello Económico e Social de Galicia (CESG) nº 8/11 sobre do proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que acompaña á Lei dos Orzamentos de Galicia, que fai unha consideración respecto do artigo 30 “titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria”, que di textual-

mente “O CESG considera que debe manterse o texto vixente do apartado 1 do art. 4 da lei 8/2008, do 10 de xullo, xa que a modificación que introduce o anteproxecto implicará un afastamento da idea de sanidade ou sistema sanitario como dereito básico é universal, endurecendo as condicións para o acceso, supoñendo unha regulación que implica un recorte respecto da situación actual. Asemade, o CESG entende que, con carácter xeral, esta redacción podería estar en contradición coa Disposición adicional sexta -Extensión do dereito á asistencia sanitaria pública - da recentemente publicada Lei 33/2011, do 4 de outubro, General de Salud Pública. (que entrará en vigor o vindeiro 1 de xaneiro)”.

Por último di que dado que non son xuristas se apoian en informes de órganos consultivos, como é o CESG, para apoiar esta moción presentada polo BNG e solicitar que se antepoña a protección de todas estas persoas en situación de desemprego, se ben di que é certo que a Consellería de Sanidade vai reactivar de oficio as tarxetas, pero que o proceso burocrático non se soluciona cando menos en tres meses.

O Sr. Lema do PP expón que a concesión e retirada da asistencia sanitaria non é competencia do Sergas senón da entidade xestora competente que a nivel de todo o Estado é o Instituto Nacional da Seguridade Social, e as Comunidades Autónomas acreditan o dereito á asistencia sanitaria a través da emisión da tarxeta sanitaria logo da solicitude do interesado.

Di que basicamente se trata dun problema burocrático, que realmente o que estaba ocorrendo é que existía un mal uso das tarxetas sanitarias, dun uso fraudulento, poñendo exemplos como o dos funcionarios que pertencen á Munpal e ao mesmo tempo dispoñían de tarxeta sanitaria que usaban segundo lles conviña, ou de persoas estranxeiras que se empa-droaban só para transplantes de órganos, e que con esta orde de setembro a Consellería de Sanidade pretende regularizar a situación de determinadas persoas, e que dende logo esta regularización non deixou a ninguén sen asistencia, remitíndose ás palabras do Presidente da Xunta de Galicia nunha entrevista “presentádeme a unha soa persoa que realmente quedase sen asistencia a raíz deste proceso”.

Sinala que o seu grupo está de acordo co punto 3º da moción e que evidentemente estaría disposto a apoiálo, xa que os cambios burocráticos son necesarios pero non poden repercutir nos dereitos sanitarios da poboación galega.

Intervén de novo o Sr. Pose e di que con respecto á Munpal no seu momento houbo que elixir entre as dúas alternativas, e que en canto ás manifestacións do Secretario Xeral de Sanidade é el quen fala de “medidas ilegais”, e que entón se non están de acordo teñen que cambialo.

Sinala que o problema está na orde que se enviou dende a Consellería de Sanidade, que foi un erro, e que no apartado 3 sinala “los que hayan solicitado la nueva tarjeta más tarde del 29 de septiembre para ellos sólo se reconoce asistencia de urgencia.....”, e que este problema só xurdiu aquí e en Baleares e que dende logo non debe volver a ocorrer este tipo de erros.

Pola súa banda dona Lucía González en relación coas declaracións do Sr. Feijoo, di que no xornal O País saíu unha señora con nome e apelidos de A Coruña, desempregada que se viu na situación de ter que pagar do seu peto os medicamentos porque ao chegar á farmacia non tiña tarxeta sanitaria, e como este hai máis casos.

Di que hai moita lexislación que avala o acceso á sanidade, independentemente de que estean dados de alta ou non na Seguridade Social, como a Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, que no seu artigo 1.2 consagra o dereito á sanidade e á atención sanitaria con base no concepto de cidadanía e non de estar afiliado á Seguridade Social, establecendo

que son titulares do dereito á protección da saúde e atención sanitaria todos os españois e estranxeiros que teñan establecido a súa residencia no territorio español.

Sinala ademais que a asistencia sanitaria universal está recoñecida dende 1986, e que si había un desfase co INSS pero que sempre se solucionou facilmente cun trámite para recoñecer o dereito á asistencia sanitaria e nunca se detectaron problemas na xestión ata que o Sergas sacou esta orde.

Para rematar a súa intervención reitera o apoio á moción e solicítalle á Xunta de Galicia que retome o protocolo e que todos os trámites administrativos que sexan necesarios agora coa entrada en vigor da nova lei o 1 de xaneiro sexan o máis áxiles posibles.

Pola súa banda o Sr. Lema expón que hai que distinguir entre que se teña dereito, e que non haxa que facer os correspondentes trámites, e que a Lei Xeral de Sanidade é unha cousa e o regulamento que a desenvolve é outra, que é onde se perfilan ás especificacións concretas que hai que cumprir.

Di que non se está a recortar ningún dereito e que o seu grupo está de acordo co punto 3º da moción “Evitar que os cambios burocráticos que se deban realizar repercutan no exercicio dos dereitos sanitarios da poboación galega”

De seguido o Grupo Municipal do PP propón someter a votación o punto 3º da moción, rexistrándose 6 votos a favor do PP e 7 abstencións do PSdeG-PSOE, TEGA e BNG.

De seguido sométese a votación a moción completa presentada polo BNG rexistrándose 6 votos a favor do BNG e PSdeG, 6 votos en contra do PP e 1 abstención de TEGA. Procédese a unha segunda votación e rexístrase o mesmo resultado, rexeitándose co voto de calidade da Presidencia.

O Sr. Pose do BNG quere deixar constancia da bonhomía do BNG aceptando unha moción sen necesidade de ter que debatela durante trinta días, solicitando que a próxima vez convén non esperar tanto porque ao mellor xa se solucionou polo camiño.

4º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG de apoio ao manifesto de Preescolar na Casa

Dáse conta da moción presentada polo BNG na que expón que o manifesto de PREESCOLAR NA CASA sinala que comeza no ano 1977 o seu traballo a prol da infancia, da familia e da sociedade galega, e trinta e cinco anos despois está a piques de desaparecer debido aos drásticos recortes nas achegas económicas de Xunta de Galicia.

Di tamén que cómpre apoiar a continuidade deste modelo educativo, que se caracteriza entre outros pola defensa e promoción dos dereitos dos nenos, da igualdade e do respecto entre as persoas, da comunicación e a non violencia como medio de resolución dos conflitos; pola innovación, dinamismo e anticipación (comezou a traballar no ciclo 0-3 cando a lexislación educativa non o tiña recoñecido); pola intervención da proximidade, solidaria e integradora, achegándose directamente aos lugares onde habitan nenos e familias, dando prioridade aos sectores da poboación menos favorecidos; polo fomento da lingua e da cultura galega,etcétera

A carencia deste respaldo fai perigar a continuidade deste proxecto 100% galego que está a ser referente fóra de Galicia e coa adhesión ao citado manifesto quere manifestar que cada euro investido en Espazos Educativos de Preescolar na Casa constrúe un futuro mellor para as familias, para os nenos e as nenas, para a nosa lingua, para Galicia.

Por iso, o BNG solicítalle ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- O Pleno do Concello de Vedra, mostra o seu apoio e asume como propio, o manifesto de preescolar na casa.

Segundo.- O Concello de Vedra asina a recollida de firmas, que a tal fin existe na web: <http://peticionpublica.es/PeticaoAssinar.aspx?pi=PnC2011>.

Terceiro.- O Concello de Vedra dará conta deste acordo aos veciños, publicándoo no boletín mensual do concello, e na Web Municipal.

Cuarto.- Finalmente comunicará o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galicia.

O Sr. Pose do BNG di que Preescolar na Casa é un proxecto innovador a nivel de toda Europa, que se copiou en moitos outros países, e que a moción se presentou xa hai moito tempo e que a día de hoxe xa non sabe se a Administración financia este proxecto ou non.

Solicita o apoio a esta moción que non ten nada que ver coas cores políticas e sinala que debería figurar na web municipal para que usuarios deste proxecto sexan sabedores do apoio do concello.

Dona Lucía González do PSdeG-PSOE anuncia o voto favorable do seu grupo e sinala que lle parece sorprendente que unha iniciativa pioneira en Europa que leva moito tempo posta en marcha, tan consolidada, se lle retire o financiamento necesario para levala a cabo, cando non hai moito tempo o goberno galego presumía en Europa dela, cando os demais membros da UE están a potencialo e cando existe unha recomendación do Comité de Ministros dos Estados da UE que recoñecen o exercicio da parentela vinculada á intimidade familiar como algo que debe ser considerado dentro da política pública, e que se deben adoptar medidas máis favorecedoras.

O Sr. Alvela de TEGA di que se vai abster por unha cuestión de principios propios pero non porque non estea de acordo.

A Presidencia di que o seu grupo vai apoiar a moción e de seguido procede á lectura dunha serie de reflexións feitas non por políticos senón por técnicos sobre este programa:

“En 1977 un equipo de Cáritas de Galicia busca esforzadamente unha resposta á problemática que presenta a “*educación infantil en el medio rural*”, a falta de igualdade de oportunidades, como raíces do fracaso escolar.

O proxecto educativo de Preescolar na Casa pasou por varias etapas nas que a idea inicial foise afianzando ata chegar á situación actual: do programa xurde unha Fundación dándolle así, entidade xurídica propia. A Fundación desenvolve os servizos nos que participan 13 profesores destinados pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Outros 43 profesionais están contratados directamente pola Fundación a cargo de distintas subvencións da Xunta de Galicia, do Ministerio de Sanidade e Política Social, do Concello de Lugo e, da antiga Obra Social de Caixa Galicia.

Existen varias razóns polas que apoiar a continuidade deste programa:

^ Ser un programa pioneiro no ámbito de atención á infancia de 0-3 anos .

^ Significa un sinal de identidade na nosa comunidade autónoma e tamén é un referente nou-
tros lugares do Estado pola iniciativa e o proxecto de futuro e compromiso político que signi-
ficou a súa posta en marcha en materia de atención educativa.

O problema é que este programa está financiado practicamente ao 100 por 100 pola Xunta de Galicia, que agora mesmo non pasa polos seus mellores momentos económicos. A desaparición deste programa non significa que os/as cidadáns queden sen os servizos que este programa proporciona, entre eles na propia fundación din que ofrece ás familias:

→ Acercar ao seu propio contorno un servizo educativo, incluso no fogar.

→ A posibilidade de reunirse con outras familias con menores de 0 a 6 anos e cun/unha orientador/a para dialogar, reflexionar e analizar a vida cotiá e a súa influencia na educa-
ción dos nenos/as e gañar seguridade na súa actuación educadora.

→ A posibilidade de descubrir e afondar no desenvolvemento dos/as nenos/as e compren-
delos/as mellor e ter actuacións máis idóneas.

→ A posibilidade de realizar actuacións preventivas de cara ao desenvolvemento e educa-
ción dos/as nenos/as.

→ A posibilidade de descubrir, valorar e utilizar no contorno os recursos existentes como
elementos educativos.

Como obxectivos a Fundación mantén:

*Contribuír a xerar na sociedade unha cultura da educación infantil.

*Crear unha concienciación da importancia da familia na educación.

*Contribuír ao desenvolvemento e potenciación da lingua galega.

*Potenciar o desenvolvemento das comunidades locais.

O feito é que a realidade da sociedade actual, estes obxectivos e estes servizos xa os teñen garantidos os cidadáns a través das Escolas públicas de Educación Infantil en todo o ter-
ritorio galego polos programas de Intervención Familiar adscritos os departamentos de Ser-
vizos Sociais nos 315 Concellos galegos. Dende estes programas xa se desenvolven estes ser-
vizos dende o ano 1994, no caso do noso Concello escola de pais, ludoteca, atención educati-
va no domicilio e apoio ás familias nas áreas social educativa e de integración e igualdade de
oportunidades; dende o ámbito sanitario a figura da “comadroeira” cubre tamén no domicilio os
aspectos médicos sanitarios. Isto demostra que os cidadáns non van quedar sen referentes se
non todo o contrario, a proximidade que expoñen dende a Fundación e o uso dos recursos do
contorno quedan moito máis cubertos cos recursos anteriormente mencionados dado que son
recursos que permanentemente están no Concello, (non se trata de visitas quincenais de hora
e media).

Penso que quizás a Fundación debería acomodarse aos tempos, buscar o seu espazo e
adaptarse á nova realidade da educación e atención aos menores, para ofrecer outro tipo de
achegas.”

Para rematar di que o seu grupo vai apoiar a moción pero que quizais entre todos ha-
bería que redefinir a función de Preescolar na Casa.

O Sr. Pose di que é a propia xente de Preescolar na Casa quen solicita o apoio.

Posta a votación a citada moción apróbase con 12 votos a favor do PP, PSdeG-PSOE
e BNG e 1 abstención de TEGA .

5º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

Á pregunta do PSdeG-PSOE sobre da retirada de escombros do vertedoiro ilegal denunciada en San Mamede, a Presidencia cédelle a palabra á concelleira delegada de Medio Ambiente, dona Margarita Devesa, que sinala que dende o momento no que o Seprona certificou a retirada de escombros e tendo en conta que este organismo ten as funcións de velar polo medio ambiente e que ademais non fixo ningunha excepción nin reparo ao concello, entende que foi retirado por un xestor autorizado.

Ás restantes preguntas formuladas polo PSdeG-PSOE a Presidencia contesta:

--Sobre dos arranxos eléctricos encomendados á Electricidad Lino, di que non existe ningunha duplicidade, xa que se trata de arranxos que non están contemplados no contrato asinado coa empresa encargada do mantemento de alumeados públicos, e que a intención do seu grupo é contratar sempre que se poida empresas do concello.

--En canto á factura de don José Manuel de la Torre por limpeza de fincas, di que foi por limpar a finca na que está situado o punto limpo, que por outro lado é obrigatorio tela limpa, así como llo esiximos aos veciños/as, e que xurdiu unha necesidade urxente por un tema que se viña reclamando dende hai tempo, de facer un silo para botar nel a herba que se corta, e nese momento non estaban dispoñibles todos os operarios do concello, e que dende logo entende que foi unha boa solución. De feito o silo e o camiño de entrada xa se fixo con persoal e maquinaria municipal.

-- Polo que respecta á subvención solicitada ao INEGA di que o proxecto foi redactado polo arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez, que comprende as actuacións de instalación de reloxos astronómicos e redutores de fluxo, un de cada catro, e na substitución de 251 lámpadas existentes, todo iso segundo as recomendacións da auditoría enerxética levada a cabo no ano 2009 pola Deputación Provincial de A Coruña.

Sinala ademais que as liñas afectadas son: C143 de Vedra; C17 de Chaos; C154 de Viño grande e C24 de Dozar, e que o orzamento ascende a 45.720,00 euros, dos que o Concello achega un mínimo do 30%, e que cando confirmen a subvención se tomará unha decisión en función da porcentaxe de financiamento.

Por último di que o aforro previsto segundo o propio INEGA é de aproximadamente 5000 euros/anuais cun período de amortización de nove anos e dous meses.

--En canto á factura de Tinturería Elegante polo lavado dunha bandeira, di que se trata dunha bandeira da Casa do Concello que se manchou nos entroidos, que non ten nada que ver coa que parece ser se colgou en Illobre.

6º.- Rogos e preguntas

--Dona Lucía González do PSdeG-PSOE formula as seguintes preguntas:

Primeira.-.- No pleno do 22 de setembro o grupo municipal socialista fíxolle un rogo ao grupo de goberno no se expoñía que, dado que se estaban a elaborar os presupostos da Deputación Provincial da Coruña, pedíamos que fixeran as xestións oportunas para que se tivera en conta na previsión de 2012 a seguinte fase da estrada Vedra -Santa Lucía ou a da estrada A Gaiosa -Ponte de Sarandón.

Agora que xa se aprobaron os presupostos da Deputación, preguntamos:

Que xestións e con que resultados, se fixeron para incluír neles os proxectos anteriormente mencionados, ou algún outro de similar relevancia para o Concello de Vedra?

Segunda.- En que estado se atopa o expediente de expropiación da finca sita en San Miguel de Sarandón propiedade de D. Marcelino López Tato?

Terceira.- Cales cre o Sr. Martínez que foron os seus méritos para ter recibido o título honorífico de visitante ilustre da Cidade de Bos Aires, unha distinción ao parecer reservada para persoas estranxeiras que aportaron cousas importantes á cidade, á súa cultura ou sociedade, ou á humanidade en xeral? É difícil relacionar esta distinción coa súa traxectoria persoal, profesional e política, sen desmerecer os logros que ten acadado ata o momento. En calquera caso, agrádanos que recaia tan alta distinción nun veciño do noso concello e felicitámo-lo por isto.

Aproveitamos para felicitalo tamén pola recente estreada presidencia do GDR Terras de Compostela, que esperamos redunde nun bo funcionamento deste organismo que recibe uns fondos tan importantes para o desenvolvemento de concellos rurais coma o noso.

Recoñecemoslle tamén a iniciativa que tivo de recorrer ao persoal técnico cualificado da casa para fundamentar o apoio do seu grupo á continuidade de Preescolar na Casa.

Así mesmo formula os seguintes rogos:

Primeiro.- No pleno do 24 de outubro, o grupo municipal socialista rogáballe ao grupo de goberno que se fixeran as xestións oportunas para que, á maior brevidade, se acometeran as obras de construción dunhas prazas de aparcamento a carón do campo da festa de San Xián, en substitución das que non se puideron construír do outro lado por non ocuparse, como estaba previsto, os terreos expropiados. Respondeunos o Sr. Martínez no seguinte pleno, de data 24 de novembro, que cando el entrou na Alcaldía non existía na Deputación ningún acordo e que xa lle solicitara á Deputación a súa realización o máis axiña posible.

Cabe informar ao grupo de goberno que, con data de 14 de abril de 2011, o anterior goberno socialista solicitoulle á Deputación Provincial a cesión dos terreos para construír unha zona de aparcamento e beirarrúas na marxe esquerda da estrada Vedra-Santa Lucía ao seu paso polo núcleo de Cibrán, ademais dos necesarios para mellorar a seguridade vial do tráfico peonil nas dúas marxes da estrada e construír beirarrúas ao seu paso polo núcleo de Paradela.

Como deberan de saber, o expediente de mutación demanial destes terreos solicitados resolveuse favorablemente o 14 de novembro, polo que rogamos que, agora que o Concello é o propietario dos terreos, execute á maior brevidade as obras de seguridade vial para as que foron solicitados.

Segundo.- Na aldea de Marzán de Arriba, á altura da finca nº 287 da Concentración Parcelaria de Vedra, propiedade da Sra. Otilia Villaverde, estase empezando a derrubar a estrada debido ao desnivel existente polo acceso ao que cremos é unha mina de auga. Rogamos tomen con urxencia medidas para preservar en bo estado a estrada e evitar que estes danos pasen a maiores.

Terceiro.- Na aldea de Marzán de Abaixo, na marxe esquerda da estrada Vedra-San Lucía á altura da canalización subterránea das augas da Fonte de Marzán, estase a afundir a beirarrúa. Rogamos tomen con urxencia as medidas oportunas para evitar, cando menos, que o afundimento continúe.

Cuarto.- Cónstanos que o Sr. Costa se comprometeu verbalmente cun veciño de San Xián en arranxar o paso de Pontecouso, no que hai unha pedra caída. Por isto e porque dito arranxo é necesario, rogamos que leven a cabo á maior brevidade.

Rogamos por último que se solicite do Concello de Teo o arranxo da pista que vai dende a Ponte de Bazar cara Malfurado, unha vía de moita utilidade para os veciños de Trobe. Así mesmo, rogamos que acorden co Concello de Teo o arranxo do peitoril de dita ponte no lado de Teo, que se está deteriorando e o seu estado de conservación pode chegar a comprometer a estrutura da ponte.

--O Sr.Pose do BNG di que na consulta de pediatria do Centro de Saúde de Vedra existen unhas humidades procedentes da ponte térmica que son unha auténtica aberración, e solicita que se depende do concello se arranxen xa, e se non se lle reclame ao Sergas o seu arranxo, sinalando que o problema non se arranxa cun simple pintado de paredes.

A Presidencia di que estivo a semana pasada alí e que efectivamente existe ese problema.

--O Sr. Alvela de TEGA formula os seguintes rogos:

Primeiro.- Na estrada que baixa dende o cruce de Sarandón ata a ponte desprendeuse do muro do serradoiro una pedra que invade parte da estrada e solicita se fagan as xestións oportunas para a súa retirada e evitar así algún tipo de accidente.

Segundo.- Como consecuencia do paso do Rally Botafumeiro na parroquia de Sarandón houbo estragos: sinais tirados, espellos rotos, ...etc, solicitando que na medida do posible se arranxen e preguntando se é interesante para o concello que se desenvolvan este tipo de probas deportivas no concello.

7º.- Rogos e preguntas veciñais

A Presidencia, ao abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP núm. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece unha quenda de rogos e preguntas co público asistente á sesión.

Intervén don Inocencio Álvarez en calidade de Presidente da AA.VV de Santa Cruz de Ribadulla e formula os seguintes rogos:

1º.- Solicítalle ás concelleiras de Medio Ambiente e Obras que se retire a maleza que a brigada verde cortou e deixou na fonte do Sol, e reitera que se termine de limpar a zona ata o lavadoiro que hai no fondo e se descubra este. Tamén reitera o perigo que hai porque existe cerca un depósito de propano.

2º.- Roga que se amplíe na medida do posible o parque infantil que existe xunto da cafetería Quenllas dotándoo de máis aparellos.

3º.- Suxire que se coloquen sinais de stop pintados no chan, agás naqueles cruces moi perigosos.

4º.- Roga que se retire un poste de alumado público no Coto xunto da casa de don Rogelio García, e que se fagan as xestións oportunas con Telefónica para cambiar tamén algún da súa propiedade e se acondicione o terreo correspondente.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e vinte minutos.